XUNTA DE GALICIA

Financiado pola Unión Europea NextGenerationEU

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO Y TURISMO

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA PLANTA BAIXA DA CASA CONSISTORIAL: SERVIZOS SOCIAIS E XULGADO DE PAZ

CONCELLO DE CUNTIS

O Concello de Cuntis é beneficiario dunha axuda ao abeiro da **Orde do 6 de xullo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas aos concellos e mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de accesibilidade de competencia municipal, ao abeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea NextGenerationEU**, para a actuación denominada **"Mellora da accesibilidade da planta baixa da casa consistorial: Servizos Sociais e Xulgado de Paz"**, **por importe de 48.383,99 euros.**

O obxectivo da dita actuación é o de mellorar a accesibilidade no edificio consistorial mediante a instalación de varandas e pasamáns na rampa traseira de acceso á planta baixa así como a instalación dunha porta automática de acceso. Contémplase tamén a retirada da porta de acceso principal ao concello e xulgado e instalación de novo acceso e porta accesible ao xulgado. Por último, adaptarase un dos aseos para un axeitado acceso a usuarios en cadeiras de rodas.

Coas actuacións proposta s dotarase ao edificio consistorial das condicións de accesibilidade necesarias para que tódalas persoas poidan realizar os trámites administrativos que precisen e obter unha atención digna e de calidade.

Subvencións a concellos e mancomunidades destinadas a actuacións en materia de accesibilidade de competencia municipal